



# GUÍA TURÍSTICA CONCELLO DE BUEU

Buen  
TURISMO



*Bueu*  
TURISMO

**GUÍA TURÍSTICA  
CONCELLO DE BUEU**

Rías Baixas



*“Guía Turística. Concello de Bueu”*



Edita: Concellería de Turismo. Concello de Bueu

Colabora: Turismo Rías Baixas/Deputación de Pontevedra

Año: 2010

Realización: Melodía Visual

# ÍNDICE

INTRODUCCIÓN.....	5
MONUMENTOS.....	9
Antigüidade	
Arte relixiosa	
Os pazos	
Os muíños	
Salgaduras e estaleiros	
Arquitectura contemporánea	
MUSEO E SALA DE EXPOSICIÓNS.....	29
Massó	
Amalia Domínguez	
NATUREZA.....	33
Praias	
Áreas de lecer	
Cabo Udra	
Illa de Ons	
ROTEIROS DE SENDEIRISMO.....	41
Ruta Urbana	
Ruta dos Pazos	
Ruta dos Muíños	
Ruta dos Abades	
Ruta da Auga	
Ruta de Cabo Udra	
Rutas da Illa de Ons	
GASTRONOMÍA E FESTAS.....	53
Tradución (Español).....	58
Teléfonos de interese.....	68



*Vista de Bueu desde A Carrasqueira*



---

## BUEU

Asentada nunha enseada da serena Ría de Pontevedra, a vila de Bueu integra o fresco aroma do océano no verde val polo que descende o río Bispo. O municipio combina unha insólita riqueza natural coa historia que narran as pedras de pazos e igrexas.

O litoral alterna fermosas praias de augas cristalinas e area branca con escarpados cantís nos que as ondas baten con forza. Cara o interior, as leiras e as fragas conforman unha paisaxe rural de singular beleza, onde os outeiros máis elevados amosan panorámicas extraordinarias sobre o Atlántico.

A vida de boa parte dos máis de 12.000 habitantes de Bueu xira en torno ao mar. A pesca é dende antigo a principal fonte de riqueza, tal e como testemuñan os restos romanos, as fábricas de salgadura do século XIX e as conserveiras que aínda seguen en pé. Unha delas acolle hoxe o destacado Museo Massó, un dos máis importantes da Península no eido da cultura mariñeira.

Os 31 quilómetros cadrados do municipio -dos cales 10 corresponden ao arquipélago de Ons, integrado no Parque Nacional das Illas Atlánticas- distribúense en tres parroquias principais: Bueu, Beluso e Cela. A primeira, na que se sitúa o centro urbano, concentra os

principais servizos. No seu dinámico porto descargan os barcos pesqueiros as capturas que logo se poxan na Lonxa e se venden na Praza de Abastos. No mesmo contorno, o Centro Social do Mar acolle numerosas actividades culturais. Moi preto áchanse tanto o citado museo como a Casa do Concello, ademais do paseo marítimo que percorre as praias urbanas.

Seguindo a vía que vai cara Cangas pola costa, acádate a parroquia de Beluso. Dende o céntrico cruce da Rúa Nova sae a pista cara o espazo protexido de Cabo Udra, cos seus areais virxes. Outra das estradas parte cara Bon, onde é de interese a ermida de San Mamede. O vial desemboca no Alto da Portela, en cuxas inmediacións se acha a capela de San Cosme e San Damián. A parroquia de Cela sitúase no outro extremo do municipio, entre Bueu e Marín. É famosa a súa igrexa románica, na mesma estrada que culmina no monte Chans, cunhas maravillosas vistas sobre a ría.

Agradables áreas de lecer, praias sensacionais, rutas en plena natureza... Bueu ten moito que ofrecer e a través destas páxinas bríndaselle ao visitante información detallada de todos os puntos de interese, dende os muíños e os *cruceiros* ata as modernas construcións da arquitectura contemporánea, dende os saborosos pratos da nosa gastronomía ata a variada oferta de ocio que se desenvolve ao longo do ano.

## LOCALIZACIÓN

O municipio de Bueu sitúase na comarca do Morrazo. Limita ao sur coa vila de Cangas, ao leste con Marín e Moaña e ao oeste coa ría de Aldán. O norte da localidade está bañado pola Ría de Pontevedra, abrigada á súa vez pola Illa de Ons. O clima, de tipo oceánico, é moi agradable, con invernos suaves e veráns cálidos.

Bueu está perfectamente comunicado mediante a estrada C-550 que o une coa cidade de Pontevedra, a tan só uns 20 km de distancia. Para achegarse dende Vigo, pódese optar por percorrer o litoral a través da N-550 ou ben coller o corredor do Morrazo, con saídas para os distintos municipios da comarca e dúas para Bueu: unha en dirección ao centro urbano e outra para ir a Beluso. Dende Cangas pódese acceder pola costa, aínda que é máis habitual a alternativa do interior pola estrada PO-320 ou mesmo a opción do corredor.

A localidade sitúase a 35 km do aeroporto vigués de Peinador e a 76 km do de Lavacolla, en Santiago de Compostela. Chegar a ambos os dous aeroportos é doado a través da Autopista do Atlántico, a AP-9. Tamén existen boas comunicacións coas estacións de autobús e de ferrocarril de Vigo e Pontevedra, que contan con servizos regulares.





*Barco pesqueiro*



Capela dos Santos Reis



---

## MONUMENTOS

Antigas mámoas e petróglifos falan dos primeiros moradores do contorno. Os restos romanos trasladádanos aos tempos do Imperio. Canda os imponentes pazos da fidalguía e as fermosas igrexas de trazas románicas agroman esas outras pezas de carácter relixioso enzalzadas polo pobo: os cruceiros e os petos de ánimas. A carpintería de ribeira e os vestixios das fábricas de salgadura son boa mostra da importancia do mar. As construcións máis vangardistas conviven coa arquitectura tradicional dos muíños e os **hórreos**, estruturas rectangulares de pedra nas que se almacenaban cultivos coma o millo e que en Bueu contan en moitos casos cun **reloxo de sol**. Fontes e lavadoiros espallados por todo o territorio municipal completan este mosaico de monumentos de interese que non só destacan polo seu valor artístico ou artesanal, senón tamén pola historia que agochan as súas pedras.

## ANTIGÜIDADE

MÁMOAS DE CASTIÑEIRAS  
(CASTIÑEIRAS, BUEU)

Ata tres mámoas se atopan soterradas no recinto do parque empresarial. Estes sepulcros prehistóricos, tan

característicos do megalitismo en Galicia, son amoreamentos de terra e pedras que agochan no seu interior unha anta ou dolmen. As mámoas de Castiñeiras foron construídas a finais do Neolítico, arredor do ano 3500 a.C. As escavacións realizadas a mediados dos 90 constataron a existencia dun camiño entre dous dos túmulos, o que revela que xa naquel tempo o lugar era un cruce de vías de comunicación. Os traballos arqueolóxicos tamén amosaron que as antas sufriran agresións xa en épocas remotas, mentres que as pedras da coiraza se mantiñan perfectamente imbricadas.

### MÁMOA DO FORNO DAS ARCAS (CHANS, CELA)

A coiraza desta mámoa permanece sepultada, pero na superficie obsérvanse algúns restos. A anta, porén, áchase ao descuberto, aínda que as laxes están desprazadas respecto da composición orixinal. De feito, algunhas das pedras foron seccionadas por acción dos canteiros. A mámoa, aproximadamente do 3500 a.C., contou con probabilidade cun corredor pequeno. O túmulo non excede os 30 metros de diámetro, polo que se acha dentro das dimensións habituais.

### PETRÓGLIFO DAS ABELAIRES (CASTIÑEIRAS, BUEU)

Este conxunto de gravados rupestres ten uns 4.000 anos de antigüidade. O petróglifo reproduce deseños que se reiteran noutros xacementos de Galicia: cazoletas, círculos e labirintos. O seu significado é todo un misterio. Hai quen os ve como primitivas representacións artísticas e

quen lle confire un valor ritual. Algúns estudos consideran os motivos circulares estilizacións de elementos naturais ou mesmo de conceptos, mentres que outros interpretánon como mapas, trampas de caza ou ondas de auga.

### XACEMENTO ROMANO (PESCADOIRA, BUEU)

As escavacións executadas no ano 2000, no mesmo lugar onde ata hai pouco funcionaba unha fábrica de conservas, sacaron á luz importantes achados que demostran que as actividades vinculadas á conservación do peixe se veñen realizando en Bueu dende a Antigüidade. Descubríronse dous fornos oleiros de época romana, pezas case únicas na Península, onde se facían as mesmas ánforas nas que se almacenaba e transportaba o peixe, unha delas con características nunca vistas antes. Formarían parte dun taller de cerámica do que tamén se acharon restos dun gran patio porticado e varias habitacións. No lugar identificouse asemade unha fábrica de salgadura do século II d.C. con seis pías para a salga, entre outras edificacións anexas. O futuro museo arqueolóxico do mar que se establecerá en Pescadoira permitirá contemplar todos estes vestixios a través dunha pasarela.

### ARTE RELIXIOSA

#### IGREXA DE SANTA MARÍA DE CELA (CABO DE ARRIBA, CELA)


Este templo de estilo románico foi levantado no século XII pola Orde de San Xoán de Xerusalén, coñecida

---

logo como Orde de Malta. Na espléndida portada, os arcos apuntados amosan xa a transición cara o gótico. No centro do tímpano sitúase unha figura hierática flanqueada por senllos leóns rampantes; as múltiples interpretacións da escena van dende a posibilidade de que se trate do profeta Daniel ata que representa unha imaxe do Apocalipse. Debaixo, no lintel, áchanse varias cruces potenziadas, símbolo da Orde. Na fachada destaca tamén o tornachuvias xadrezado suxeito por singulares modillóns, pezas con curiosas tallas –animais, monstros, faces- que se reiteran en todo o perímetro da igrexa para suxeitar o beirado do tellado. Na parede posterior da ábsida áchase unha seteira vidrada decorada polo pintor José María Barreiro, sobre a que se sitúa a figura da Virxe. No interior, dunha soa nave, dous arcos faixóns apuntados soportan a bóveda de canón. O adro, cunhas magníficas vistas, alberga un **cruceiro** cunha estilizada escultura de Cristo, que data do 1987.

### IGREXA DE SANTA MARÍA DE BELUSO (A ROSA, BELUSO)

Textos do século XII revelan que a raíña dona Urraca cedeu esta igrexa ao Mosteiro de Poio. A estrutura actual con planta de cruz latina é do século XVI, aínda que logo sufriu varios engadidos, polo que abrangue dende o estilo románico ata o neoclásico. En 1886 un forte temporal derrubou o campanario, que se esborallou sobre o teito; a reconstrución deu lugar a varias reformas. Hoxe unha lanterna remata a bóveda cadrangular no cruceiro. Na portada chama a atención o arco de medio punto adornado con bolas e cunha folla de acanto no centro. As boliñas prolónganse pola







cornixa perimetral e as paredes laterais están apuntaladas con contrafortes. A espadana, embelecida cunha cruz de ferro, un catavento e dous pináculos a xeito de landra, é de 1888. Fronte a entrada principal da igrexa atopamos a **casa reitoral**, construída polo marqués de Ribadulla en 1797, segundo a data que figura sobre o portalón da entrada. Neste escenario sitúanse algunhas das pasaxes da novela *Morning Star*, de Xosé Miranda. No contorno atopamos tamén o **Cruceiro da Rosa**, de 1791. A cara leste desta peza barroca amosa a Piedade, mentres que na cara oeste hai unha figura de Xesús un tanto desproporcionada, coas pernas moi curtas.

#### IGREXA DE SAN MARTIÑO DE BUEU (O VALADO, BUEU)

Construída en 1865 no mesmo lugar dunha antiga igrexa románica, presenta trazos de estilo neoclásico. Os elementos de meirande interese áchanse no contorno do templo. O **Calvario** é un monumento raro en Galicia, pois só existen tres. O de Bueu remóntase á segunda metade do século XVII, cando as tres cruces se atopaban no adro da primitiva capela de Santos Reis. Co derrubamento da ermida, o cruceiro central trasládase ao cemiterio e os outros dous rematan na horta dun particular. Conta Castelao na obra *As Cruces de pedra na Galiza* que José María Massó mercounos en 1923 e mandou construír a terceira peza co Cristo. Clausurado o camposanto, en 1986 a imaxe orixinal pasa ao adro lindeiro e no ano 2000 a familia Massó dona os dous ladróns, recuperándose así o conxunto inicial. En canto ás figuras, Cristo represéntase xa mor-

to e con tres cravos moi marcados, mentres que os pés de Dimas e Xestas están cravados por separado e coas mans atadas. Na igrexa de San Martiño hai aínda outro **cruceiro**, datado en 1850. Destacan os instrumentos da Paixón tallados no mastro: a coroa de espiñas, o martelo, os cravos, o hisopo, a escada, etc. É o único no municipio que presenta unha terceira figura canda Xesús e a Virxe, un anxo recollendo o sangue de Cristo nun cáliz. A **casa reitoral** contigua semella datar de 1801, aínda que foi restaurada en 1977; no seu interior destaca a monumental cheminea da cociña-lar. Na estrada que pasa pola parte de abaixo, áchase a **Fonte do Cura** de 1937, un singular cilindro de pedra con acanaladuras; crese que formaba parte dun grupo de fontes semellantes que na primeira metade do século XX se situaban en distintos puntos da vila, ou ben esta mesma se ubicaba no porto de Bueu.

#### IGREXA DE SANTIAGO DE ERMELO (ERMELO)

Do antigo mosteiro de Santiago de Ermelo só quedan hoxe a parede e as escaleiras de acceso do que puideron ser as dependencias monásticas, ademais da igrexa reconstruída no século XVIII cun estilo barroco moi sinxelo. Semella que os monxes se estableceron no lugar a finais do século X, aínda que ata o século XII non hai referencias escritas sobre o templo. A igrexa foi reedificada en 1104, segundo consta nunha lousa interior que hoxe aparece dividida en dúas metades aos lados da capela maior; trátase da única inscrición epigráfica cunha datación completa que alude ao arcebispo





*Cruz de Ermelo*

Xelmírez como restaurador, segundo apuntan recentes estudos. Da igrexa prerrománica previa á remodelación de 1104 quedan poucos restos, como un modillón incrustado na parede da sancristía e un fragmento de inscrición en escritura visigótica (“ECIT”). A restauración deu lugar a un pequeno templo románico do que permanecen vestixios como a cruz tallada na pila bautismal. A unha das construcións antigas pertencen tamén os baixorrelevos das cruces de consagración. Outra das múltiples e valiosas inscricións -que xa en 1745 foran obxecto de estudo por Frei Martiño Sarmiento- revélanos que a construción actual é de 1774, cando aínda pertencía ao Mosteiro de San Xoán de Poio. De planta

rectangular, a nave está dividida por arcos de medio punto e cuberta con bóvedas de cruzaría. O exterior, moi austero, conta con algúns contrafortes encostados. Na cabeceira apréciase unha porta con arco de medio punto que foi tapiada, pola que ao parecer entrarían os monxes dende o interior do desaparecido mosteiro. Paga a pena continuar subindo a estrada ata a Esculca, monte coroado pola **Cruz de Ermelo**, que se alza ata os sete metros de altura sobre unha rocha onde probablemente se ancoraba outra anterior. A actual cruz de Santiago encargoulla José María Massó a un canteiro para conmemorar a visita do cardeal Fernando Quiroga Palacios en 1954. As vistas son impresionantes.

## CAPELA DE SAN AMEDIO (BON, BELUSO)

Xa as cantigas de amigo de Johán de Cangas testemuñaban no século XIII a existencia dunha capela anterior, asentada onde a actual ou quizais nas Casas Vellas, onde conta a lenda que apareceu o Santo. O edificio actual data de 1728. De 1791 é o **cruceiro** do adro e de 1721 a **fonte**, cun ornamentado frontispicio coroado por unha cruz gótica. No ano 1999 dedicóuselles o Día das Letras Galegas aos xograres do mar, motivo polo que se ergueu aquí un **monumento** en homenaxe a Johán de Cangas, de quen se conservan tres cantigas no *Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa*. Nesta fermosa praxe celébranse concorridas romaría.

## CAPELA DE SAN LOURENZO (CHANS, CELA)

Estas ruínas semicubertas polas silveiras conservan un gran encanto. Aínda se distingue a planta rectangular cunha pequena ábsida en semicírculo, os grosos muros e as pedras do que puido ser un arco de medio punto na fachada. A capela, de 1605, xerou varias controversias. En 1649, o arcebispo amoestou ao cura de Cela polo estado de abandono do templo, que estaba sendo usado como corte para o gando. Tras a división en concellos de 1818, a ermida queda en terreos de Marín, o que provocou enfrontamentos durante moitos anos. Os cregos tentaron resolvelos cun rito de benvida segundo o que nas respectivas festas dos mozos os veciños eran recibidos nos lindes das parroquias, berrando “¡vivas!” recíprocos e compartindo o viño.

## CAPELA DOS SANTOS REIS (O VALADO, BUEU)

Érguese no mesmo lugar onde se achaban as ruínas dunha ermida de 1686, da que se conservaron algunhas figuras. A capela actual foi deseñada por Urbano Lugrís (A Coruña, 1908 – Vigo, 1973), un dos grandes nomes da pintura galega do século XX. Lugrís estivo traballando en Bueu entre 1948 e 1953, período no que tamén creou dous murais para a familia Massó que hoxe se expoñen no museo. O seu tema constante é o mar: pinta e talla vieiras, caracolas, baleas ou áncoras como as que enfeitan a portada da capela dos Santos Reis. Os bosquexos destas esculturas poden contemplarse no Salón de Plenos da Casa do Concello. Lugrís definiu este santuario como a súa “obra integral como artista”, xa que interveu en todas as tarefas. Mesmo pintou o retablo interior, do que hoxe só se conservan algunhas fotografías a partir das cales os veciños están intentando conseguir unha reprodución. Podería tratarse do único templo dedicado aos Santos Reis en Europa, xunto coa catedral de Colonia.

## CRUCEIRO DE MOROUSOS (CASTIÑEIRAS, BUEU)

Este cruceiro -un dos 39 contabilizados no municipio- estaba orixinalmente situado no cruce de camiños entre Bueu, Aldán e Cangas, próximo ao emprazamento actual. Crese que se alzou nunha zona tan afastada para reforzar o ánimo das xentes que circulaban por esas rutas solitarias. Outra versión apunta que a intención era cristianizar un lugar pagán, pois moi preto

sitúanse tres mámoas. A cruz amosa a Xesús crucificado nun lado e, no outro, á Virxe en posición de rezo, apoiada nunha peaña que mostra o rostro dun anxo. No pedestal consta a data de 1700.

### PETO DE ÁNIMAS DE SAN ANTONIÑO (MEIRO, BUEU)

A mediados do século XVI, co Concilio de Trento, non só se restauraron as prácticas da Inquisición, senón que tamén se reivindicaron os santos e se reafirmou a existencia do purgatorio. Sobre esta idea construíronse numerosos petos de ánimas onde os vivos ofrecían esmolas para salvar as almas dos seres queridos finados. Trátase de pequenos monumentos rurais espallados

polos camiños e encrucilladas, formados por unha fornela onde está representado o santo coas ánimas, e adoitan ir coroados cunha cruz. Dos numerosos petos que hai en Bueu, o de San Antoniño é o máis traballado. Sitúase sobre a antiga **calzada romana**, da que se poden contemplar algunhas lousas nas proximidades.

## OS PAZOS

### PAZO DO CASAL (A GRAÑA, BUEU)

Coñecido popularmente como 'Casa dos Picos' polas súas ameas, tras diversas remodelacións este edificio de carácter inicialmente defensivo presenta hoxe









*Pazo de Santa Cruz*

unha planta en ángulo recto, cunha ampla terraza balconada e escalinata de pedra. Antano contaba cunha torre, troneiras -ocos nos muros dende onde disparar- e foxo, ademais dunha antiga capela logo reconvertida en corte. No recinto consérvanse aínda a fonte de pedra de traza barroca, un hórreo e un pombal circular. O pazo foi construído a mediados do século XV pola familia Aldao, tal como revelan as flores de lis do **escudo** central. Aquí pasou a súa infancia o recoñecido intelectual pontevedrés Víctor Said Armesto, nado en 1871, descendente dos fundadores por parte de nai. Agás no breve tempo en que acolleu o xulgado municipal, a propiedade foi e segue a ser privada.

#### CASA DO PRACER (O TORRÓN, CELA)

Xustifica este nome a paisaxe que rodea esta casona fundada arredor do ano 1600 polo capitán Antonio Rodríguez de Aldao, fillo dos señores do pazo do Casal, que casou con Catarina de Bugarín e Taboada, filla dun escribán pontevedrés. Concibida en orixe como unha granxa para abastecer a casa principal de Pontevedra, converteríase finalmente en residencia permanente dos donos. No **escudo** da fachada aprécianse as cinco flores de lis que constitúen o emblema dos Aldao, as dúas mans sostendo cadanseu feixe de paus que representan aos Bugarín e as dúas táboas en horizontal

dos Taboada, amais das armas das outras liñaxes do matrimonio, como as rodas de carro dos Camba, os cinco voos de aguiá dos Abreu ou o castelo do que sae un can –aquí nunha postura curiosa- que é o emblema dos Barbeito. A vivenda, un edificio rectangular de medianas dimensións e sen ameas, ten encostada unha **capela** dedicada a Santo Antón de Padua e datada en 1732, aínda que probablemente a súa construción fora simultánea á da casa. De planta rectangular e con fachada barroca, o templo alberga nun lateral un **peto de ánimas** que foi moi venerado polos veciños.

#### PAZO DE SANTA CRUZ

(ALTO DA CARRASQUEIRA, BUEU)

O pazo máis importante do municipio é coñecido tamén co nome de ‘Quitapesares’, pois ofrece unha magnífica panorámica sobre a ría capaz de escorrentar todas as penas. Fundouno en 1659 Fernando de la Rúa Freire, abade de Bueu e comisario da Santa Inquisición, amais de antepasado do que séculos máis tarde sería presidente de Arxentina, Fernando de la Rúa. O emblema da familia, un león rampante que suxeita unha cruz, está tallado no **escudo** da fachada canda as cinco cunchas de vieira que representan a liñaxe dos Pimentel, coa que emparentarían; figuran asemade o acio de uvas dos Novoa e o castelo dos España. Ao edificio ameado, construído en forma de L, engadiuselle unha terraza con escaleira dobre na restauración de 1983. Os xardíns, a artística fonte e o bosque onde se ubicara un cemiterio da Inquisición inclúense no recinto, onde destaca sobre todo a **Capela de Santa Ifigenia**. A ela accédese dende o pazo por un portalón

coroado cun singular conxunto escultórico formado por catro músicos, curiosamente vestidos con saia, motivo que se repite no gaiteiro e o tamborileiro situados baixo o púlpito. No escudo, a cruz flanqueada por unha espada e unha rama constitúe o emblema do Santo Oficio. A construción, de 1671, conta con planta e ábsida rectangulares. Dende o exterior, éntrase ao campiño por un portal en arco sobre o que se alzan as esculturas de Xesús Crucificado, a Virxe María e San Xoán; aos lados hai varias figuras de romeiros. No recinto atópase un fermoso **cruceiro**, no que remataba o Vía Crucis que subía polo Enleito encargado por Fernando de la Rúa, segundo testemuña a inscrición de 1681. A mediados de setembro, os donos do pazo abren ao público as portas da capela e no lugar celébrase unha concorrida romaría, onde é tradicional tomar a sidra.

#### PAZO DE CASTRELO

(O VALADO, BUEU)

Foi construído tamén a mediados do século XVII por Fernando de la Rúa Freire, vinculado á primitiva capela de Santos Reis erguida nas proximidades. O escudo da fachada é igual ao que aparece na capela de Santa Cruz: no primeiro cuadrante, os dous dragóns tirando dunha banda cos dentes representan aos Freire de Andrade; no segundo aparecen as iconas da Inquisición, mentres que debaixo sitúanse, dunha banda, os lises dos Aldao e, da outra, as cinco estrelas que probablemente corresponden á familia Fonseca. No pazo de Castrelo residiu José Gómez de la Cueva, máis coñecido como “Johán Carballeira”, descendente daqueles señores que na primeira metade do século XVIII entraron

caron coa liñaxe De la Rúa. Xornalista, poeta e político galeguista, Carballeira chegaría a ser alcalde de Bueu na República, ata que co estoupido da Guerra Civil foi encarcerado e fusilado. Hoxe conta cun **monumento** conmemorativo no centro de Bueu, obra do escultor Manolo Paz. Outro dos alcumes que José Gómez de la Cueva empregou como articulista, en menor medida, foi o de “Alonso de Castrelo”, quizais tomando o nome daquel quinto avó materno que emparentou cos fundadores da casona. O edificio foi remodelado a finais do século pasado, con engadidos como as ameas.

#### PAZO DE OURIL (CHAN DE PIÑEIRO, BELUSO)

Aínda que nun principio era unha granxa do Pazo de Santa Cruz, María Josefa Villarprego e Montenegro, viúva dun De la Rúa, trasládase aquí ao casar o fillastro, iniciando así a expansión do patrimonio da casa de Ouril ata o declive que experimentou cen anos despois. Tamén residiría logo no lugar a familia Massó. Ademais da pequena labra que simboliza a liñaxe Montenegro na cara oeste, na fachada sur da torre ameada hai un **escudo** que foi traído polo dono da propiedade a mediados dos anos 50 e que quizais enfeitaba orixinariamente algún edificio público en Padrón. A labra está dominada polas armas desta vila histórica, que representan o corpo do Apóstolo Santiago traído polos seus discípulos Teodoro e Atanasio nunha barca guiada por un anxo ata a ribeira do Sar, onde segundo a tradición amarraron a embarcación ao lendario pedrón que lle dá nome á localidade. Figuran tamén as armas reais de Castilla y León e de Galicia, representada por unha





custodia que lembra ao cáliz e a hostia do escudo actual. As tallas están rodeadas polo colar da orden do Toisón de Ouro. O pazo de Ouril insírese nunha fermosa paraxe rural de tranquilidade absoluta, rodeado por fragas e campos de cultivo. Ademais do vistoso xardín, no circundado insírense un pombal e un hórreo de cinco pares de pés; o patio está presidido por un cruceiro incorporado nos anos 80. Do camiño que vai cara Santa Cruz sae unha baixada que vai dar a un fermoso **lava-doiro** cunha fonte de dous canos esculpidos na pedra.

## OS MUIÑOS

MUIÑO DA PRESA  
(MEIRO, BUEU)

Testemuños da importancia que tivo o agro na economía galega ata mediado o século XX, practicamente todos os muiños da zona responden a un deseño similar. Son construcións pequenas de planta baixa, co tellado a unha auga e cunha cavidade inferior onde se ubica o rodicio, a roda motriz que move a moa interior para converter o gran en fariña. O rodicio é impulsado pola forza da auga, que chega dende o río a través dunha canle de pedra e entra no muiño mediante unha estrutura inclinada chamada cubo. Complétase a edificación con algunha xanela na parede e unha pedra saínte a carón da porta para pousar o saco. Este muiño do río Canudo, situado a carón dunha presa de rego para a ladeira da Graña, responde a todas estas características. Restaurado en 1996, bota a andar a finais de marzo para moer o millo corvo.

MUIÑO DE AVICAL  
(BON, BELUSO)

A canle deste curioso muiño vai montada sobre muros de pedra para salvar máis de dez metros de desnivel ata chegar a un cubo tamén singular, xa que mide oito metros de altura e ten forma circular, pois foi feito con aros de pedra superpostos. Na parede que dá ao río sobresaen senllas figuras dun home e unha muller, ornamentación escultórica que non se dá en ningún outro muiño do Morrazo. Tiña un rodicio de madeira que, tras a restauración de mediados dos 90, foi substituído por outro de ferro.

## SALGADURAS E ESTALEIROS

A salga como método de conservación do peixe foi dende antigo unha práctica frecuente no litoral de Bueu. Na segunda metade do século XVIII, os empresarios cataláns empézanse a interesar polo produto, primeiro acudindo a realizar compras esporádicas e despois asentando definitivamente as súas industrias de salga. Os forasteiros incorporaron novas artes de pesca, coma a xávega, e novas técnicas, coma o prensado. Porén, tamén emprendedores galegos e mesmo italianos contribuíron en Bueu ao desenvolvemento desta actividade, que acadou o seu máximo apoxeo no século XIX. Chegou un momento en que toda a costa do municipio era case unha sucesión continua de máis de vinte fábricas de salgadura. Coa crise do sector no século XX, só algúns empresarios acadaron con éxito a reconversión en conserveiras, cetarias e conxeladores. Hoxe quedan estruturas en pé en praias como **Pescadoira** (Bueu)





e **A Roiba** (Beluso), aínda que o mellor exemplo é o da **salgadura de Mourisca**, en Udra, que nos últimos anos de actividade arredor da década dos 40 pertencía á familia Massó. No recinto permanecen os elementos típicos destas construcións, dende as pías para o salmoirado ata o sistema de prensado, e os donos actuais teñen en marcha un proxecto de recuperación. Na outra cara do cabo, na praia de **Ancoradouro**, consérvanse restos doutra antiga salgadura.

#### CARPINTERÍA DE RIBEIRA (BANDA DO RÍO, BUEU)

Coñecida nos últimos tempos como 'estaleiro de Purro', trátase da única carpintería de ribeira que se conserva en toda a Ría de Pontevedra, polo que se considera unha peza clave do patrimonio marítimo cun gran valor material e inmaterial para a vila de Bueu. Fundada no 1920, escolleuse este emprazamento polas boas comunicacións que ofrecía, ao estar no centro da vila, e por atoparse a carón dunha praia abrigada, o que permitía facer as botaduras con tranquilidade. Daquela tamén baixaba aínda sen canalizar o río Bispo, en cuxa canle se enterraba a madeira como tratamento de curación. Gamelas, chalanas, lanchas xeiteiras, botes polbeiros e traíñas son algunhas das embarcacións que se empezaron a construír baixo a estrutura inicial conformada por un tellado a dúas augas asentado sobre columnas de pedra. A incorporación do motor como método de propulsión fixo que as embarcacións aumentaran de tamaño, e tamén as instalacións se ampliaron en varias fases, acadando unha fisionomía peculiar. En 1988, coa construción do muro de abrigo

para protexer as casas das marusías, retiráronse as vías de varada do estaleiro, compostas por tres raíles paralelos que se adentraban uns 30 metros na praia. Nos derradeiros anos a carga de traballo veu da man da implantación das bateas. Hoxe no estaleiro da Banda do Río séguense a executar encargos, principalmente de asociacións de amigos das embarcacións tradicionais.

## ARQUITECTURA CONTEMPORÁNEA

#### CASA DA ROIBA (PRAIA DA ROIBA, BELUSO)

Esta vivenda é considerada unha indiscutible obra mestra da arquitectura moderna galega e ibérica. Foi construída polo arquitecto coruñés Ramón Vázquez Molezún en 1969 como refuxio para as súas vacacións familiares, despois de ter estudado o comportamento das mareas no lugar. A casa, pechada ao norte e aberta ao sur, onde se sitúa a terraza, ergueuse sobre as rochas da praia readaptando os muros dunha antiga fábrica de salgadura. Na parte baixa, o almacén de embarcacións inúndase coas mareas vivas. A entrada sitúase na parte alta que dá á estrada da costa, onde a construción apenas se eleva en vertical, establecendo unha dialéctica co contorno. Molezún, fascinado polo mar tantas veces plasmado nas súas acuarelas, concibe o interior coma a ponte dun barco, con estruturas ocultas ou que ocupan o menor sitio posible. A ventá corrida de 9 metros de lonxitude ilumina o reducido pero cómodo interior e mergulla na natureza aos habitantes da casa. Os espazos exteriores, conectados en distintos niveis, serven de transición. Molezún introduce o valor da xeometría na súa arquitectura despois

de coñecer a Wright, pero sen perder de vista os valores humanos e os principios orgánicos máis profundos.

### EQUIPAMENTO DO PORTO DE BELUSO (PRAIA DE BELUSO)

O principal obxectivo dos arquitectos Jesús Irisarri e Guadalupe Piñera era resolver o desnivel entre a explanada do renovado porto e a ladeira do monte. Para darlle solución ao talude, os vinte departamentos para os pescadores construíronse con distintas alturas comprendidas entre 5 e 11 metros, coroados por unha cuberta continua. As instalacións contan cunha área para a náutica deportiva e mesmo cunha cafetería na parte superior, con acceso en rampla. O formigón e a madeira son os materiais predominantes nesta obra do premia-

do estudio vigués Irisarri+Piñera rematada en 2009.

### AMPLIACIÓN DO MUSEO MASSÓ (MONTERO RÍOS, BUEU)

O prestixioso arquitecto carballiñés Manuel Gallego Jorreto, gañador entre outros do Premio Nacional de Arquitectura, asina a ampliación do Museo Massó, que cando remate a obra acadará os 4.000 metros cadrados. O novo espazo caracterízase polos enormes lucernarios na parte central, segundo manifestou o propio autor. O proxecto respecta a configuración da antiga conserveira, tendo en conta o seu valor histórico e o importante oco que ocupa na memoria colectiva dos veciños. Co novo edificio anexo amplíase a exposición permanente e habilitase un salón de actos.



*Casa da Roiba, coa antiga fábrica de salgadura ao fondo*





## MUSEO E SALA DE EXPOSICIÓNS

### MUSEO MASSÓ

Seguindo a pauta doutros fomentadores cataláns, os Massó instaláronse en Bueu a comezos do século XIX como industriais da salga, aínda que desenvolverían tamén un destacado papel na vida sociocultural e política do municipio, chegando a ostentar a Alcaldía.

En 1928 recala na vila o premio Nobel e inventor da radio Guglielmo **Marconi** que, na visita á daquela modernísima fábrica conserveira, queda admirado cos libros antigos, **cartas náuticas** e **instrumentos de navegación**, polo que lle suxire á familia a creación dun museo. No 1932 volverá para inauguralo.

A colección privada foise enriquecendo coas adquisicións, principalmente, de José María e Gaspar Massó. Tras o declive da factoría, que levou ao peche na década dos 90, a administración autonómica adquiriu o museo, que abriu as súas portas ao público no verán de 2002.

As salas amosan **embarcacións** tradicionais, artes de pesca, instrumentos para a **caza da balea** e útiles da carpintería de ribeira, ademais da historia da propia industria conserveira e **aparells da fábrica** de Massó.

A sala noble acolle unha valiosa colección de **incunables** entre os que destacan obras de **Ptolomeo**. Restos arqueolóxicos, cunchas mariñas e dous cadros de **Lugris** atópanse tamén neste museo de visita obrigada.

O edificio, no centro urbano, recoñécese facilmente polo anagrama dos Massó labrado en pedra na fachada exterior, que conta asemade coa escultura en relevo de dúas carabelas. Tamén se restauraron as casas anexas, exemplo da arquitectura mariñeira.

### SALA AMALIA DOMÍNGUEZ

A sala de exposicións Amalia Domínguez Búa, próxima ao museo Massó, leva o nome da benefactora que donou ao Concello de Bueu este edificio, popularmente coñecido como “a casa número 2”, que hoxe se destina a actividades socioculturais e formativas. Na planta baixa sitúase a sala de exposicións, onde de xeito cíclico se exhiben interesantes mostras temporais das máis variadas disciplinas.







La famiglia S. Marco è stata  
molto importante in Italia  
per il suo ruolo di  
mercato e di commercio.  
L'azienda S. Marco ha  
una lunga storia che  
si estende fino al  
presente.



Praia de Agrelo



---

## NATUREZA

### PRAIAS

Máis de vinte praias salpican os dez quilómetros litorais do municipio, varias delas galardoadas co prestixioso distintivo **Bandeira Azul**. Dende as calas máis recollidas ata os longos areais, cada unha ten un feizizo particular.

Dos límites co Concello de Marín arranca en Cela a paradisíaca praia de **Lapamán**, que se converte nun lugar máxico coa posta de sol. En dirección ao centro urbano, séguenlle as caliñas de Muíño Vello, Covelo e Pedreira, ás que só se pode chegar a pé. Con vías de comunicación e todos os servizos contan o fermoso areal de **Portomaior** -tal e como avala a ondeante Bandeira Azul- e mais a contigua praia de **Agrelo**, ambas as dúas coas súas singulares dunas e penedías.

Introducímonos a continuación na parroquia de Bueu pisando a area dourada da praia de **Loureiro**, para continuar entrando no contorno urbano a través de Petís e Pescadoira. Polo agradable paseo marítimo que percorre o litoral, pasando o porto chégase ata a praia da **Banda do Río**, coa súa carpintería de ribeira e as animadas terrazas.

---

Seguindo a estrada e pasando a Robaleira, a **praia de Beluso** -onde as embarcacións tradicionais conviven co moderno porto deportivo- inicia a liña de costa da parroquia homónima. Máis adiante áchanse as íntimas calas da Roiba e Sartaxéns. Xa no espazo natural de Cabo Udra, atópanse as praias máis virxes, de augas azul turquesa: **Tuía**, **Mourisca**, Pedrón e **Ancoradouro**. A Beluso pertencen aínda outros dous areais galardoados con Bandeira Azul, **Lagos** e **Area de Bon**, dotados con todas as comodidades pese a estaren mergullados nun contorno forestal onde o monte verde se funde co azul do mar. A irmá pequena, Reventóns, pecha este amplo abano que satisfará tanto a aqueles que buscan praias céntricas dotadas con todos os servizos como aos que prefiren areais virxes para perderse no encanto salvaxe.

## ÁREAS DE LECER

### CHAN DE ESQUEIROS

Baixando de Beluso cara o cabo Udra, a carón do propio aparcadoiro do espazo protexido -por cuxas pistas está prohibida a circulación de vehículos-, sitúase a área recreativa de Chan de Esqueiros. Este oco entre o monte e o mar constitúe ademais o punto de partida para coñecer Udra e os valores naturais que xustifican a súa inclusión dentro da Rede Natura 2000.

### ERMELO

Continuando a subida cara a igrexa de Santiago de Ermelo acádase o monte da Esculca, que ofrece unhas marabillosas vistas, tal e como se pode intuír do seu propio



Área de lecer de Ermelo

nome. Nos días despexados, a carón da cruz que se alza no lugar chégase a ver ata a entrada da Ría de Arousa. Cruzando a pista atópanse as mesiñas da área recreativa.

## CHANS

Seguindo a estrada que leva ata o templo románico de Santa María de Cela, acádase o monte Chans, onde se atopa habilitada esta área recreativa con mesas cubertas. A panorámica sobre a vila de Bueu e a ría de Pontevedra é realmente excepcional. A axeitada altura respecto do nivel do mar convérteo nun lugar ideal para lanzarse en parapente ata a praia.

## CABO UDRA

O percorrido por cabo Udra permite coñecer a costa atlántica en estado puro. No inverno, ofrécenos o espectáculo do mar bravo batendo contra os **cantís**. No verán, podemos pasear tranquilamente ou tomar o sol nas afastadas **praías**. As **rochas de estrañas formas** acentúan a espectacularidade da paisaxe, na que atopamos tamén vestixios doutros tempos coma os **chozos** para refuxio dos pastores ou os restos de antigas **fábricas de salgadura**. Para coñecer con detalle todos os segredos que agocha o cabo, convén visitar a **Aula da Natureza**, acondicionada sobre unhas vellas bate-rías militares, ao pé dun castro.

A riqueza natural deste espazo protexido non só lle valeu a inclusión na **Rede Natura 2000**, senón tamén as declaracións de Lugar de Importancia Comunitaria (LIC) e Zona de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN). Son en total 8 quilómetros de fronte costeira

e 443 hectáreas de auga que albergan unha singular biodiversidade. Entre a fauna destacan o **lagarto arnau** e as aves mariñas, coma o **corvo mariño cristado** ou as diversas **especies migratorias** que voan fronte a liña de costa nas súas viaxes. A papuxa e a avoiteira cincuenta agóchanse na matogueira, mentres que o falcón peregrino aniña nos cantís. No mar nadan o **arroaz** e a **toniña**, ambas as dúas especies ameazadas. Entre a vexetación predominan o **toxo mariño** e a carrasca na parte alta, mentres que preto da auga salgada nacen o **pixxel de mar** ou a **herba de namorar**.

## ILLA DE ONS

O arquipélago formado polas illas Ons e Onza, cos seus illotes, constitúe unha das xoias naturais do municipio de Bueu. Situadas na entrada da Ría de Pontevedra, forman parte do **Parque Nacional das Illas Atlánticas** pola súa excepcional valía ecolóxica. Na auga, o **fondo mariño** agocha un auténtico tesouro somerxi-do, cunha gran diversidade de fauna e flora. En terra, a singularidade do relevo e o mar como permanente pano de fondo configuran unha paisaxe única na que se integran a etnografía e a historia dos seus habitantes, agora estacionais.

Cos seus 6 km de lonxitude e 2 km de ancho, Ons é a única das illas do arquipélago que se pode visitar. O goce desta paraxe incomparable está suxeito a unha normativa específica, como corresponde á súa condición de espazo protexido. De feito, só se poden montar as tendas na zona de **acampada** de Chan da Pólvora, para a que convén contar co permiso antes de saír cara a illa,







---

xa que se establece un límite de ocupación. Os servizos de **transporte marítimo** cara Ons saen de Bueu, Marín, Portonovo e Sanxenxo en tempada turística.

Na costa occidental, enfrontada ao mar aberto, atópanse os **cantís** máis abruptos e é tamén nestas zonas, en determinadas épocas de acceso restrinxido, onde nidifican as **aves mariñas**. A parte oriental, que mira cara a enseada de Bueu, é de perfil máis suave e nela áchanse os mellores **areais**. Dende a praia naturista de **Melide** ata a cala de Pereiró, pasando pola das Dornas, **Area dos Cans** ou Canexol, o litoral revela a súa beleza non domesticada. Aquí non hai duchas nin vestiarios, tan só o contacto coa natureza en estado puro.

Os servizos concéntranse na zona do porto, coñecida como Curro, cunha moderna igrexa dedicada a San Xoaquín en cuxo interior destaca o Via Crucis en mosaicos con iconografía naif. Dende aquí parten as sendas para os distintos puntos de interese. Cara o sur, pasando o campamento xestionado pola Xunta de Galicia, cómpre achegarse ata o **miradoiro** de Fedorentos e a imponente furna do **Buraco do Inferno**. No extremo norte áchase o illote do Centulo. É tamén recomendable visitar o **faro**, o barrio do Cucorno, o sepulcro antropomorfo da **Laxe do Grego** na praia de Area dos Cans ou os **castros** do Castelo dos Mouros e a Cova da Loba, testemuños de que a illa estivo habitada dende antigo. Polo camiño atoparemos os **hórreos** e as **casas dos mariñeiros** –algunhas aínda con horta– que dan boa mostra da arquitectura tradicional da zona. Como curiosidade, salientar que Ons foi de propiedade privada ata mediado o século pasado.

---









---

## RUTAS DE SENDEIRISMO

### RUTA URBANA

*Duración: 2 h 30 min.*

*Distancia: 6 km*

*Dificultade: baixa*

*Percorrido: Saída da Oficina de Turismo cara a Casa do Concello, Eduardo Vincenti, Fonte dos Galos, Ramón Bares, O Valado: igrexa de San Martiño, Pazo de Castelo, Capela de Santos Reis; Pazo de Santa Cruz, baixada dende A Carrasqueira, estaleiro da Banda do Río, porto, Museo Massó.*

A ruta comeza no Salón de Plenos do Concello, onde se atopan os **bosquexos** das esculturas que o artista Urbano **Lugris** labraría para a capela dos Santos Reis. Na subida pola rúa Eduardo Vincenti, o itinerario detense na que fora a casa de **Matilde Bares**, que lle deu clase a tres xeracións de buenenses e organizou actividades culturais como grupos de teatro e comparsas. A placa da fachada lembra a homenaxe que en 1932 lle renderon á mestra os seus antigos alumnos emigrados a América, en agradecemento pola formación recibida antes de partiren. Adoitaba facilitarlles tamén unha carta de recomendación para que seu irmán Manuel lles axudara a atopar vivenda e traballo na Arxentina.



---

A rúa desemboca na **Fonte dos Galos**, que leva a marca dos mestres canteiros, e dende aquí continúaase a man dereita por Ramón Bares ata chegar ao Valado. Alí asomarámonos ao inferno dun **muíño** de auga que aínda traballa. Na subida á igrexa, podemos refrescarnos na singular **Fonte do Cura**, tallada con acanaladuras; antano os máis aprehensivos rexeitaban beber dela, pois crían que o manancial nacía no cemiterio próximo.

Ao xirar a curva adentrámonos no adro da **igreja de San Martiño**, erguida sobre o anterior templo románico en 1865 e de estilo neoclásico. No exterior é de gran interese a escena do **Calvario**, así como o **cruceiro** do lado oposto. Coa subida ata a fonte do Enleito volveremos falar dos cruceiros, pois aquí vese a base onde se encastraba o mastro dunha destas cruces de pedra. Neste punto tamén fai esquina a casa onde no ano 1832 se establecera a **primeira sede do Concello** de Bueu.

Continuando a estrada uns metros máis adiante, á dereita cóllese por un intre o camiño de Pomar –que logo segue cara o río Bispo– para ollar no muro dunha casa un curioso **peto de ánimas** co Cristo da Agonía, que se considera unha figura esnaquizada dalgún cruceiro pertencente á antiga capela dos Santos Reis.

A ascensión pola estrada lévanos cara o **Pazo de Castrelo**, co seu escudo de armas que agocha a historia das familias fundadoras. Aquí residiu o poeta e xornalista José Gómez de la Cueva, máis coñecido como **Johán Carballeira**, galeguista que en tempos da

---

República chegou a ser alcalde de Bueu, ata que foi represaliado polos fascistas.

Máis arriba áchase a **capela de Santos Reis**, desfeñada por Urbano Lugrís a encomenda de José María Massó; bendicida en 1953, ergueuse no mesmo lugar onde había un templo derruido de 1686 e do que se conservan algúns vestixios. A vista privilexiada permite apreciar o val e os outeiros onde se asentaron os primeiros núcleos de poboación. Cruzando a vía, no canto de abaixo sitúase un lugar sacro asociado ás propiedades curativas da fonte que alí se atopa, e na que aínda se pode ver a entalladura na que se ancoraba unha antiga cruz.

Seguindo as marcas por pistas forestais e camiños, atopamos máis vestixios do antigo **Via Crucis** que ía dende a igrexa parroquial ata o **Pazo de Santa Cruz**. Chegamos ao pazo pola zona na que houbo en tempos un cemiterio da Inquisición. Rodeamos os muros e, se imos nunha excursión programada, é posible que a organización contactara cos caseiros para visitar o recinto da **capela de Santa Ifigenia**, onde chaman a atención as esculturas dos gaiteiros vestidos con saia.

